



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expediente: 2021/G010/000014

Valdoviño, 4 de novembro de 2021.

Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa da Cultura

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria , para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros (PP)

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

BNG

Carlos Alberto Ameneiros Serantes

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro. A celebración da sesión ten lugar no edificio da Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvaguardar as medidas de seguridade en canto a distancia.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 07.10.21 (ORDINARIA)

Aprobouse en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión do 07.10.21 por 10 votos favorables do PSdG-PSOE e CENVAL e 1 voto en contra do concelleiro do PP.

FORA DA ORDE DO DÍA

Pola Presidencia explicase aos presentes que non procedía incluír na orde do día da convocatoria os seguintes puntos, ao non estar rematadas as propostas, pero Considerando que as mesmas están listas a día de hoxe polos distintos departamentos e que se trata de asuntos importantes, aproveitando o carácter da presente sesión presentanse via urxenza, e de ser apreciada dita urxenza pola Corporación incluíranse na Orde do Día.

Referidos os tres seguintes asuntos a tratar pola Presidencia e sometida a votación a urxenza dos mesmos, **o Pleno por unanimidade ratificou a urxenza en votación ordinaria e unanimidade dos seus componseñtes.**

Asuntos:

.-APROBACIÓN PLAN DE ACCIÓN DO CLIMA E A ENERXÍA (PACES)

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO:

“O Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio, en polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto a adhesión á iniciativa europea do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía no Pleno extraordinario de data dezaseis de xullo de dous mil vinte.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES).

/Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada/”

O Concello-Pleno, aprobou en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a anterior proposta de Alcaldía.

.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

PROPOSTA ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

“Expte. núm. 2021/G015/000001

Visto os antecedentes do expediente sinalado, no que consta entre outros, a Providencia de Alcaldía, motivando a necesidade da modificación da ordenanza, borrador da nova ordenanza elaborada polos servizos municipais, informe da intervención municipal,

Considerando a lexislación aplicable:

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

-O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

-O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

_ Texto refundido da Lei reguladora das facendas lcoais, aprobado por RDL 2/2004 de 5 de maio.

Esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal municipal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos do texto da ordenanza, que consta no expediente.

Segundo.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no Taboleiro de anuncios do Concello, e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo mínimo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Simultaneamente, publicar anuncio e o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello.

Terceiro.- Concluído o período de información pública, si se presentaren reclamacións e/ou suxestións deberán resolverse polo Pleno, incorporando, se procedese, ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

Cuarto.- De non presentarse reclamacións no período de información pública entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación ata entón provisional, previa certificación da secretaría municipal. Publicarase o texto íntegro da mesma para xeral coñecemento e para a súa entrada en vigor.

Formará parte da presente proposta e como Anexo á mesma o texto da Ordenanza.

Non obstante, o pleno resolverá o que estime máis convinte.

/Documento asinado electrónicamente polo sr. Alcalde/.

O Pleno da Corporación, aprobou en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a anterior proposta de Alcaldía.

.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS ENMARCADAS NO PROXECTO DE MELLORA DE EDIFICIO MUNICIPAL - FASE 3: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Considerando as competencias propias do municipio enmarcadas no artigo 25.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, que entre outras materias contempla:

- A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo lecer, así como a promoción da cultura e os equipamento culturais, dentro das que se poden encadrar o benestar social da cidadanía.

E de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei Reguladora das Bases do Rexime Local, son fines propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

A asistencia das Diputacións aos Municipios, prevista no artigo 36 da citada Lei, dirixirse preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

Son competencias propias de la Diputación en todo caso: A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación no territorio provincia, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A estes efectos a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes mediante calesquera fórmulas de asistencia e cooperación municipal.

Con esta finalidade, as Diputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais.

Neste marco, na pretensión de mellora dos servizos e equipamentos municipais, o Concello de Valdoviño leva a cabo unha actuación de creación dun centro sociocomunitario a través da rehabilitación e **mellora de edificio municipal existente sito no centro do núcleo urbano de Valdoviño**, para prestar á veciñanza os servizos máis óptimos posibles.

A actuación programouse en tres fases, contidas en proxecto do que son autores os arquitectos Sergio J. Beceiro Lodeiro e M. Rosa Vilas Romalde de Estudio Anta Arquitectos SL.

Fase 1.- Rehabilitación e mellora de accesibilidade en edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario e outros usos.

Fase 2.- Rehabilitación da zona destinada a postos de venda do antigo mercado para adaptación a centro sociocomunitario.

Para elo contou coa colaboración económica da Deputación Provincial da Coruña e co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar coa subscripción de Convenio.

Executadas as fases anteditas faise preciso agora levar a cabo a execución da fase 3 con proxecto: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario, con cargo a préstamo municipal e cun importe total do proxecto de 975.693,80 €; sendo convinte a licitación da fase 3 completa para conquistar unha baixa maior da mesma, mellorando a coordinación, a redución dos prazos de execución e en aras da simplificación administrativa como se fixo constar en informe do arquitecto municipal emitido en data 24/02/2020.

Ante a imposibilidade e dificultade de acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación, e, tendo en conta o orzamento previsto para a execución das obras,

Esta Alcaldía **PROPÓN** ao **PLENO da CORPORACIÓN**, no marco das competencias que a lexislación de rexime local no seu artigo 22 lle atribúe, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicitar da Deputación Provincial unha subvención para executar as obras previstas no proxecto do centro socio-comunitario:

“Fase 3.- Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario”, con cargo a préstamo municipal e cun importe total do proxecto de 975.693,80 €.

O importe da subvención solicitada é de 200.000 euros. Tendo en conta que o orzamento total do proxecto ascende a 975.693,80 €, o coeficiente de financiación proposto é do 0,205.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se leven a efecto os trámites precisos para a solicitude da mesma.

Non entanto, o Pleno da Corporación resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, a 4 de novembro de 2021

Asinado electrónicamente á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación aprobou en votación ordinaria e por unanimidade ACORDOU:

.- Aprobar solicitar subvención da Deputación da Coruña, para as obras do proxecto da Fase III.- Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario; de conformidade coa proposta de Alcaldía descrita.

.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO 2021

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de setembro de 2021, que comprenden do número 492 ao 604 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía

3º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS. PERÍODO MEDIO DE PAGO, 3º TRIMESTRE 2021.-

Dáse conta aos presentes do informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 3º trimestre do ano 2021; do seguinte resume:

1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
Nº DE OPERACIÓNS		790	20
IMPORTE TOTAL	42,46	886.887,70 €	259.257,35 €

2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
Nº DE OPERACIÓNS		70	0
IMPORTE TOTAL	29,97	292.840,66 €	91.058,40 €

3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:

Nº total de operacións: 0.

Importe total: 0

Período medio de pago global a proveedores, en días: 19,15

A Corporación tomou razón do informe antedito.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.- SR. AMENEIROS SERANTES.

*.- É unha vergoña que non haxa Centro de día en Valdoviño así coma noutros concellos.

Responde o sr. alcalde: É un dos temas que queremos tratar.

*.- O imposto dos vehículos eléctricos é moi alto, é un rogo.

*.- Debería establecerse unha bonificación aos vehículos eléctricos no imposto da rodaxe.

*.- Hai axudas para persoas con problemas de exclusión social para auga, lixo,..?

Resposta o sr. Alcalde que si, que o levan en servizos sociais e xa se está aportando.

*.- Houbo algún camiión estragado na recollida do lixo?

Responde o sr. Benito Vega, concelleiro de servizos, que si.

*.- Non é normal. A xente está pagando e están fartos dos problemas coa recollida do lixo. Non se pode consentir.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – DON JAVIER BOUZAMAYOR CASAS

*.- A empresa di que propuxo un camiión con mais traballadores e vosoutros pedíchelless mais horas.

Responde o sr. Alcalde: Iso non é certo. O que nos din é que os traballadores non queren facer horas.

Toma a palabra o Sr. Ameneiros Serantes dicindo:

*.- Seguemos cos mesmos problemas de sempre e debemos tomar medidas. Deben aplicarse sancións máximas, pido que figure no prego.

Considera o sr. Alcalde que a situación mellorou, antes non tiñan nin roupa para prestalo servizo, agora si cumpren e que sabe que aínda hai moitos defectos.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL

*.- Temos que pedir que limpen os contenedores e a xente non deixe voluminosos fora cando non se recollen.

*.- Regularizouse o cobro dos recibos?

Responde o sr. Alcalde que moitos sí.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – DONA KRISTEL TESTA AMENEIROS

*.- Nos dixeron que ían ter unha reunión co Secretario Xeral de Deportes e pasáronnos unha documentación

Responde o sr. Alcalde que lle parece unha deslealtade que lles entreguen a documentación

Sr. Bouzamayor Casas:

*.- En qué consiste?

Explica o sr. Alcalde : O que propuxemos foi facer un Centro de Alto Rendemento para o Surf . Fíxose un anteproxecto, aínda estamos negociando. Tivemos reunión co Consello Superior de Deportes.

*.- Un veciño dime que ao baleirar o contenedor apoian na súa casa o suxeta-contenedores.

Afirma o sr. alcalde que non poden apoiar nas casas, non poden facelo.

Sr. Bouzamayor.-

*.- Comunícollo ao veciño.

*.- Tamén quero engadir que no Porto do Cabo hai unha zona sen internet, levan 4 días.

Sinala o sr. Alcalde que é un tema privado entre os veciños e a empresa.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL
E POLO SR. ALCALDE./*